

As propiedades textuais: actividades de reforzo e ampliación

1. Reescribe o seguinte texto engadindo os conectores adecuados e deixando unicamente tres puntos:

Podemos quedar o sábado. Non temos clase. Pensándoo mellor, non sei por que temos que ir todos. Moitos xa teñen o seu traballo rematado. Os que aínda non o fixeron traballarían peor se estamos todos xuntos. O mellor será que veñan os que aínda non acabaran.

2. Mellora a cohesión do seguinte texto empregando todas estas palabras: dado que, planeta, desempeñan, vulneracións, xéranse, estas, lograr, así como, interveña.

"Cada día millóns de homes, mulleres, nenas e nenos viven baixo a ameaza da violencia armada. As armas están fóra de control e 640 millóns circulan polo mundo e cada ano fábrícanse 8 millóns máis e 16 000 millóns de balas: 2 por cada home, muller, nena e neno do mundo. As armas lixeiras contribúen de forma significativa á pobreza e ao sufrimento e teñen un papel clave nas violacións dos Dereitos Humanos e do Dereito Internacional Humanitario. Fanse máis feridas, mortos, desprazamentos, violacións, raptos e torturas con armas lixeiras que con calquera outro tipo de armas, o que levou ao secretario xeral de Nacións Unidas a cualificalas como "as auténticas armas de destrución masiva". Por iso Amnistía Internacional traballa para ter un Tratado Internacional sobre o Comercio de Armas que poña fin ao descontrol deste negocio e para que o Goberno español governe para a consecución deste obxectivo."

3. Agora indica que problemas melloraches no texto anterior:

- Existencia de anacolutos
- Abuso da conxunción e
- Léxico repetitivo
- Emprego inadecuado de relativos
- Emprego de palabras comodín
- Outros: _____

E marca as solucións que aplicaches para cada problema:

- Abuso da conxunción e: substitución por signos de puntuación
- Léxico repetitivo: eliminación de termos
- Emprego de palabras comodín: uso de termos máis precisos
- Abuso da conxunción e: substitución por outros nexos
- Léxico repetitivo: substitución por sinónimos ou pronomes
- Outros: _____

4. Le o seguinte texto e restitúelle coherentemente as citas textuais:

- a) «un atentado contra a dignidade humana».
- b) «adecuación ao dereito»
- c) «adecuados para paliar os meus sufrimentos»
- d) «non se me manteña»
- e) «máis tradicional moral católica»
- f) «o que mata é a enfermidade, non a retirada do soporte que prolonga artificialmente a agonía»
- g) «de forma inequívoca a ausencia de obxeccións de carácter ético»
- h) «eutanasia ilexítima»

Inmaculada Echevarría é unha muller de 51 anos que padece distrofia muscular progresiva. Isto supúxolle vivir os últimos dez anos conectada a un respirador; pediu ser desconectada para morrer dignamente, pois di que non ten medo á morte.

O particular do seu caso é que está hospitalizada nun centro relixioso andaluz, o Hospital de San Rafael, que leva a orde de San Juan de Dios. O equipo de bioética do centro e o comité de ética asistencial da orde relixiosa analizaron o caso e decidiron acceder á petición, como xa o fixera a Comisión de Ética de Andalucía. Consideran _____ na petición de Inmaculada e a súa _____, segundo nota feita pública. Aseguran que todo se vai realizar co respecto debido á paciente, nos aspectos técnicos, humanos e morais.

Pero os cardeais Antonio Cañizares (Toledo) e Carlos Amigo (Sevilla) non ven así as cousas e chegaron a cualificar o feito de _____ e homicidio, _____. En troques, outros relixiosos como o prestixioso teólogo xesuíta Juan Masiá, especialista en bioética, pensan que a decisión está de acordo coa _____; por iso manifestou que hai que dicirlles a estes cardeais «que repasen a súa teoloxía moral», porque _____.

Así me parece a min, que levo na miña carteira un testamento vital —que fixo en tempos a mesma Conferencia Episcopal— no que asino que, aínda que a vida material é un don de Deus, «non é o valor supremo», acábase antes ou

despois; polo que pido que _____ nela «por medio de tratamentos desproporcionados» (o que se ten chamado «encarnizamento terapéutico») e tamén que se me apliquen medios _____. Non é o mesmo «matar por misericordia», como facía aquela enfermeira chamada Anxo da Morte, que manter a unha persoa artificialmente unida a unha vida que xa non ten unha calidade digna. Deus é misericordia compasiva.

Victorino P. Prieto, *La Voz de Galicia*, 10-03-2007

5. Agora completa este esquema das ideas principais e secundarias do texto anterior:

1. Petición de Inmaculada Echevarría para que a desconecten do respirador que a mantén viva.
 - 1.1 _____
 - 1.2 Discordancia dentro da igrexa
 - 1.2.1 _____
 - 1.2.2 Outro sector está de acordo coa decisión do hospital.
2. _____
 - 2.1 Está de acordo coa decisión do hospital.
 - 2.1.1 Realizou un testamento no que solicita, en caso necesario, a eutanasia.
 - 2.1.2 Explica a razón desta decisión: o dereito a unha vida digna e á misericordia

6. Indica o tema do texto e logo resume o seu contido.

7. Le con detemento o seguinte poema e logo transfórmao nunha noticia:

AUTOPSIA
Dezanove anos,
dezaseis válvulas,
douscentos cabalos,
medio gramo
de euforia
no sangue:
sí, xa o levaron
para o tanatorio.

Carlos Negro: *Makinaria*, Xerais, 2009

8. Despois de ler os datos que che ofrecemos, escribe unha carta á dirección dun xornal expresando a túa opinión sobre a situación da muller na actualidade:

As mulleres, contrariamente ao que ocorre con determinadas etnias, non son unha minoría. As mulleres representan o 50% da poboación da terra. E, no entanto:

- O 70% das persoas pobres da terra son mulleres, é dicir, a gran maioría da pobreza acúmúlana as mulleres.
- O 65% das persoas analfabetas da terra son mulleres, é dicir, hai o dobre de mulleres ca de homes que non saben ler.
- Todas as mulleres ganan entre un 20% e un 50% menos cós homes. É dicir que, incluso en países coma España –onde a lei di que “a igual posto de traballo, igual salario”–, a realidade di que, realizando o mesmo traballo, as mulleres ganan menos cós homes.
- As mulleres ocupan só o 6% dos postos ministeriais.
- Polo menos unha de cada tres mulleres no mundo foi golpeada ou obrigada a manter relacións sexuais contra a súa vontade por un home, a miúdo pertencente ao seu propio contorno, é dicir, un coñecido.
- En España, entre 2003 e 2006, máis de 300 mulleres foron asasinadas polo seu compañeiro, unha cifra superior incluso á causada pola barbarie terrorista.
- En Asia, calcúlase que hai un millón de criaturas, a grande maioría nenas, obrigadas e exercer a prostitución.
- En Inglaterra, unha de cada seis mulleres foi violada algunha vez na súa vida.
- En México, Chile e a República de Corea, máis de dúas de cada tres mulleres casadas son vítimas de violencia de xénero.

Gemma Lienas: *El diario violeta de Carlota*, El Aleph, 2007 (tradución)

9. Deseguido presentámosche dúas listas de palabras; a partir delas constrúe dous relatos, un en rexistro formal e outro informal, contando o mesmo suceso.

Rexistro formal
impresionante
mexillóns

Rexistro informal
de moita chispa
co rabo entre as pernas

temor	bichiños
abraiante	flipante
con todo	claro
indisposición	todo o santo día
constantemente	curriña
fermosa	botar as tripas

10. Le o texto que vén a continuación e realiza as seguintes tarefas:

- Elabora un esquema coas ideas principais e secundarias.
- Indica o tema do texto.
- Propón dous títulos para o texto, un informativo e outro creativo.

Non é asunto banal este dun buraco no colchón. Ata agora sabiamos que as longas esperas nun ambulatorio son o mellor remedio para recuperar o sono atrasado, que a antesala de urxencias permite establecer relacións humanas impensables na vertixe cotiá, pero descoñeciamos a apaixonante experiencia de durmir sobre un furaco despois de saír dun quirófano. Os pacientes quéixanse porque ese é o seu papel, pero deberían mirar as cousas polo lado positivo. Mentres un se preocupa de non desaparecer polo buraco do colchón, esquece a orixe do seu mal, a causa do seu internamento. É o que en artillería se chama branco auxiliar, unha manobra de distracción. Non creo que os colchóns teñan un buraco adrede, porque no hospital son boa xente e andan a administrar as miserias que a administración adica á renovación do equipamento sanitario, pero, postos así debería patentarse o invento. O furaco no colchón é un mellor sistema para distraer da doenza que, por exemplo, a televisión. Todo o mundo dando brincos, pegando alegremente tiros pola rúa, bebendo licores, gañando cartos, desfacendo camas amorosamente... Coa televisión diante, o enfermo decátase dobremente da súa, nosa, triste condición.

Pola contra, un buraco non se resigna ó seu entorno senón que dalgún xeito debe rebelarse, debe poñer en funcionamento todos os seus recursos. Cando o buraco se fai insoportablemente presente, o enfermo xa ten esquecido o motivo real polo que foi conducido ó centro sanitario.

Manuel Rivas, 1988

11. Despois de ler a noticia que segue, realiza as actividades:

- Realiza un esquema coas ideas principais e secundarias do texto.
- Elabora dous resumos. O primeiro terá a extensión que consideres oportuna e, para realizar o segundo, deberás reducir o primeiro como mínimo nun 25%.
- Indica o tema e propón un título alternativo.

A malaria arrasa anualmente cun millón de vidas en África

Na rexión senegalesa de Tambacounda, cunha das taxas de natalidade máis altas, a metade das mortes rexistradas o ano pasado tiveron a súa causa nesta enfermidade, cando a media é do 34%

MARINA SEGURA (EFE), *Galicia Hoxe*

Na primeira ollada, a rexión senegalesa de Tambacounda é só unha infinita extensión de terra vermella, salpicada de núcleos de cabanas de adobe sen luz nin auga, carros tirados por mulas e bebés suxeitos ás costas das súas nais con teas de vivas cores. Con todo, por encima da súa pobreza e illamento, o que o ollo espido non ve é o seu maior inimigo público: a malaria.

Cunha extensión similar á de Aragón (49.000 quilómetros cadrados), en Tambacounda a malaria causou o 46 por cento das mortes rexistradas en 2008, a maioría menores de cinco anos.

En todo Senegal, esta porcentaxe descende ata o 34,8 por cento. En África mata cada ano un millón de seres humanos. Tambacounda, a rexión máis extensa do país e limítrofe con Mauritania, Malí, Gambia e Guinea Conakry, posúe unha taxa de médicos dun por cada 24.000 habitantes (a OMS recomenda un por cada 10.000); o 86 por cento das mulleres é analfabeta e a pobreza atenaza o 76 por cento dos seus 629.000 habitantes.

As familias deste lugar teñen unha das taxas de natalidade máis altas do mundo, mínimo cinco nenos, pero non son raras as que teñen ata doce ou quince, afirma a enfermeira Therese Cecile Faye á prensa española, desprazada alí para coñecer o labor das ONGs Intrahealth e Medicines for Malaria Venture, apoiadas por Pfizer.

Faye, que traballa en Tambacounda desde hai sete anos, ten ó seu cargo 54 vilas con 23.661 habitantes; ela é a única asistencia sanitaria directa da que dispón estas persoas. A enfermeira visita unha vez ó mes as "cabanas de saúde" (health huts) que levantaron os propios aldeáns e que contan cunha rudimentaria cama, un par de banquetas, un libro de rexistro, unha balanza para pesar ós bebés, un botiquín e medicinas básicas como paracetamol, sales de rehidratación, vitamina A e antibióticos.

Se se complica a afección, o paciente vai a un centro de saúde situado na capital da rexión (health post), pero o traxecto é longo pois na maioría das ocasións se carece dun vehículo e, cando chove, os camiños resultan impracticables. Segundo a matrona, Ouleymata Hdao, unha fermosa moza de 23 anos formada en atención ás embarazadas da vila de Kalburame, cando as parturientes teñen problemas non lles queda máis remedio que emprender un camiño de dúas horas e media nun carro de mulas.

As embarazadas, ás que Pfizer ofrece un tratamento preventivo intermitente durante a xestación, son as únicas ás que o Goberno de Senegal proporciona gratis os fármacos da malaria, aínda que ó resto da poboación se lles distribúe a un prezo moi baixo (menos dun dólar).

Un problema adicional é que os medicamentos contra a malaria repartidos polo Ministerio de Saúde chegan ás veces caducados ou non aparecen no seu destino.

A pesar de todo, di a enfermeira Therese Cecile, nos últimos anos rexistráronse cambios positivos, sobre todo porque a poboación -integrada polas etnias peuhls, mandingues, sarakholes, bomboras e wo-lofs-, está cada vez máis informada dos síntomas da malaria e acode en busca de axuda.

Así o corrobora o médico Adrien Sonko, de Intrahealth, xa que -di- por primeira vez o número de casos de infeccións de malaria descendeu durante o primeiro semestre de 2009 e tamén está baixando a mortalidade infantil por esta causa.

A malaria transmítea a femia do mosquito anofeles, que adquire o parasito, do xénero plasmodium, a través do sangue doutra persoa enferma á que picou. O parasito ataca primeiro o fígado e aos poucos destrúe os glóbulos vermellos, provocando anemia e favorecendo a produción de toxinas que fan ó enfermo padecer febres altas.

Este ano, Intrahealth contou coa axuda de Isabelle Bertrand, unha da vintena de profesionais anuais que Pfizer libera entre tres e seis meses para que transmitan os seus coñecementos ás poboacións máis necesitadas e illadas do mundo.

A multinacional destina quince millóns de dólares para loitar contra a malaria en países africanos a través da Clinton Global Initiative.

Desde a II Guerra Mundial, o arsenal terapéutico despregado para liquidar o mosquito anofeles creceu case ó mesmo ritmo que a resistencia deste ós novos fármacos.

A esperanza céntrase na vacina que deseña Pedro Alonso, cuxo lanzamento se prevé para 2011 ou 2012, pero ata ese momento os laboratorios afánanse por deseñar tratamentos máis eficaces.

Actualmente, Pfizer atópase na última fase de desenvolvemento (III) dunha terapia combinada de dihydro artemisina e piperquina (Eurartesim). Ademais, desde tempo atrás ten en marcha un tratamento de prevención intermitente para mulleres embarazadas en África subsahariana.

En declaracións á prensa española, o vicepresidente de Desenvolvemento da farmacéutica, Pol Vandembroucke, descarta un impacto económico negativo se a vacina de Alonso ten éxito e sexa innecesario seguir producindo medicamentos contra a malaria. "Oxalá, sería unha boa noticia", engade o belga, que confía en que o novo produto que Pfizer quere sacar ó mercado en 2011 teña un risco de resistencia menor que os actuais.

Nos últimos anos o parasito desen- volveu resistencias ós medicamentos tradicionais, polo que hoxe a maioría dos países africanos usan a terapia recomendada pola OMS, denominada ACT (Asociación Terapéutica a base de Artemisinina), xunto a outros compostos.

Outra vantaxe, di Vandembroucke, reside en que o futuro tratamento reducirá o número de pastillas para o paciente, co que se evita o actual problema de "adherencia" (cando o enfermo non acaba o seu tratamento e bota a perder a eficacia). O importante é seguir desenvolvendo "continuamente" novos medicamentos para as mesmas enfermidades, recalca.

Todos os fármacos que produce Pfizer en Dakar, nunha planta de que ocupa 8.727 metros cadrados, son vendidas ó sector privado (farmacias) e ó sector público, neste último caso a un dólar o tratamento completo de tres doses.

PATRÓN PARA A AUTOCORRECCIÓN

Cando entregues os teus traballos non vai ser corrixidos de xeito tradicional, senón que se lle poñerán unha serie de marcas que pretenden indicar o tipo de erro que cometiches. Devolveránseche e deberás autocorrixirte e redactar unha nova versión do traballo para entregar, que será a que se puntuará. Utilizaranse as seguintes marcas de corrección:

Info +	Sobra información ou está repetida
Info-	Falta información
Info?	Información confusa, non se entende
Info↑↓	Información contraditoria
O.pal.	Orde das palabras: están mal colocadas ou a súa orde provoca confusión
T. or.	Tamaño da oración: é demasiado longa
E. nex.	Erro nos nexos, porque se repiten, son inadecuados ou faltan
E. rex.	Erro no rexistro porque se empregan trazos do rexistro informal
E. lex.	Erro léxico: castelanismos, repetición de léxico, comodíns, impropiedades ou imprecisións
E. morf.	Erro morfolóxico: nos artigos, pronomes, indefinidos, verbos...
E. conc.	Erro na concordancia
E. ort.	Erro ortográfico: tiles, grafías, maiúsculas/minúsculas
E. punt.	Erro na puntuación: faltan, sobran signos ou están mal colocados
E. pres.	Erro de presentación: caligrafía, limpeza, marxes, segmentación de palabras
L. sex.	Linguaxe sexista

Solucións

1. Podemos quedar o sábado *dado que/xa que/ posto que/pois* non temos clase. Pensándoo mellor, non sei por que temos que ir todos *se/pois* moitos xa teñen o seu traballo rematado. Os que aínda non o fixeron traballarían peor se estamos todos xuntos *de xeito que/de modo que/ polo que/ así que* o mellor será que veñan os que aínda non acabaran.

2. "Cada día millóns de homes, mulleres, nenas e nenos viven baixo a ameaza da violencia armada. As armas están fóra de control dado que 640 millóns circulan polo mundo e cada ano fábrícanse 8 millóns máis e 16 000 millóns de balas: 2

por cada home, muller, nena e neno do planeta. As armas lixeiras contribúen de forma significativa á pobreza e ao sufrimento e desempeñan un papel clave nas vulneracións dos Dereitos Humanos e do Dereito Internacional Humanitario. Xéranse máis feridas, mortos, desprazamentos, violacións, raptos e torturas con estas que con calquera outro tipo de armas, o que levou ao secretario xeral de Nacións Unidas a cualificalas como "as auténticas armas de destrución masiva". Por iso Amnistía Internacional traballa para lograr un Tratado Internacional sobre o Comercio de Armas que poña fin ao descontrol deste negocio así como para que o Goberno español interveña para a consecución deste obxectivo."

3. Problemas solucionados:

- Emprego de palabras comodín: uso de termos máis precisos
- Abuso da conxunción e: substitución por outros nexos
- Léxico repetitivo: substitución por sinónimos ou pronomes

4. 1g, 2b, 3h, 4a, 5e, 6f, 7d, 8c

5. 1. Petición de Inmaculada Echevarría para que a desconecten do respirador que a mantén viva.

- 1.1 O hospital accede á petición.
- 1.2 Discordancia dentro da igrexa
 - 1.2.1 Algúns bispos están en desacordo porque é unha eutanasia ilexítima.
 - 1.2.2 Outro sector está de acordo coa decisión do hospital.
- 2. O autor do texto concorda coa decisión do hospital
 - 2.1 Realizou un testamento no que solicita, en caso necesario, a eutanasia.
 - 2.2 Explica a razón desta decisión: o dereito a unha vida digna e á misericordia